

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Prácticas en Empresas				
Materia	Prácticas en Empresas			
Código	V01M079V01205			
Titulación	Máster Universitario en Tradución Multimedia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web	http://multitrad.webs.uvigo.es			
Descrición xeral	As prácticas en empresas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes e supervisada poas Universidades, co obxectivo de permitir ao estudantado aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.			

Competencias	
Código	
B2	2. Manexar con destreza as ferramentas tecnolóxicas e informáticas máis relevantes para o seu uso nos contextos profesionais.
B3	3. Executar os procedementos e técnicas de tradución dos diferentes produtos multimedia.
B4	4. Identificar os contextos culturais implicados, normas e estándares.
B5	5. Demostrar un espírito crítico ante fenómenos culturais, e práctico á hora do seu transvasamento.
B6	6. Desenvolver coñecementos, habilidades e destrezas que permitan a incorporación ao exercicio profesional no campo da tradución multimedia.
B7	7. Xestionar, elaborar e revisar proxectos de tradución multimedia.
B9	9. Coñecer elementos e técnicas avanzados da tradución multimedia nas súas distintas especialidades.
B10	10. Realizar unha análise do TO e do seu encargo e seleccionar unha estratexia de transvasamento apropiada.
B11	11. Aplicar os coñecementos adquiridos e ter capacidade de resolución de problemas.
B12	12. Defender o seu traballo de tradución ante públicos especializados e non especializados.
C17	17. Desenvolver a capacidade crítica ante o TO e para a avaliación de ferramentas terminográficas, lexicográficas e documentais, segundo a súa utilidade para a tradución multimedia.
C18	18. Desenvolver unha metodoloxía sistemática de investigación da procura documental e dun protocolo de consulta terminolóxica para a tradución multimedia.
C19	19. Ser responsable de todas as solucións do texto traducido e ser quen de xustificalas.
C20	20. Deseñar, planificar e realizar un traballo de investigación.
C28	28. Asignar prioridades nas diferentes tarefas de tradución implicadas nun proxecto de tradución multimedia.
C29	29. Desenvolver e aplicar habilidades para o traballo en equipo.
C30	30. Coñecer en profundidade os conceptos básicos da localización de software.
C31	31. Coñecer en profundidade os tipos de obxectos localizables.
C32	32. Coñecer en profundidade o proceso de localización de software.
C33	33. Coñecer en profundidade as funcións dos participantes no proceso e as dinámicas profesionais do sector de localización de software.
C34	34. Coñecer en profundidade as ferramentas empregadas en localización de software.
C35	35. Adquirir práctica no proceso de localización de software.
C36	36. Coñecer en profundidade os conceptos básicos na localización de páxinas web.
C37	37. Coñecer en profundidade o proceso de localización de páxinas web.

C38	38. Coñecer en profundidade as ferramentas empregadas na localización de páxinas web.
C39	39. Coñecer en profundidade as dinámicas profesionais do sector de localización de páxinas web.
C40	40. Adquirir práctica no proceso de localización de páxinas web.
C41	41. Comprender as dinámicas profesionais do sector de localización de videoxogos.
C42	42. Coñecer en profundidade os elementos básicos do proceso de localización de videoxogos.
C43	43. Coñecer en profundidade as técnicas de transvasamento relacionadas coa localización dos videoxogos.
C44	44. Adquirir práctica no proceso de localización de videoxogos.
C45	45. Coñecer en profundidade a historia e evolución do subtitulado.
C46	46. Coñecer en profundidade as etapas do proceso de subtitulado.
C47	47. Coñecer en profundidade as condicións laborais, as convencións de subtitulación e o discurso subtitulador e aprender a manexar o software de subtitulación.
C48	48. Coñecer en profundidade os problemas principais do subtitulado (xerais e específicos) e adquirir práctica no proceso de subtitulado.
C49	49. Coñecer en profundidade a historia e evolución da dobraxe.
C50	50. Coñecer en profundidade as etapas do proceso de dobraxe.
C51	51. Coñecer en profundidade as condicións laborais, convencións de dobraxe e o discurso da dobraxe e aprender a manexar software de dobraxe.
C52	52. Coñecer en profundidade os principais problemas de tradución para a dobraxe (xerais e específicos) e adquirir práctica no proceso de dobraxe.
C53	53. Coñecer en profundidade a historia e evolución do voice over.
C54	54. Coñecer en profundidade as etapas do proceso de voice over
C55	55. Coñecer en profundidade as condicións laborais e convencións do voice over e o seu discurso, e aprender a manexar software de voice over.
C56	56. Coñecer en profundidade os principais problemas do voice over (xerais e específicos) e adquirir práctica nesta modalidade.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Dado que as prácticas en empresas teñen como obxectivo aplicar o aprendido ao longo do máster a unha área concreta, as competencias da materia neste caso coinciden coas da titulación, malia que nas prácticas se exercitarán as requeridas para as tarefas que en cada caso se lle asignen ao estudante. De maneira xeral, coa realización das prácticas académicas externas preténdese acadar os seguintes fins: - Contribuír á formación integral dos estudantes complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica. - Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que os estudantes se integrarán, contrastando e aplicando os coñecemientos adquiridos. - Favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, personais e participativas. - Obter unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empleabilidade futura. - Favorecer os valores da innovación, a creatividade e o emprendimento.	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12 C17 C18 C19 C20 C28 C29 C30 C31 C32 C33 C34 C35 C36 C37 C38 C39 C40 C41 C42 C43 C44 C45 C46 C47 C48 C49 C50 C51 C52 C53 C54 C55 C56

Contidos

Tema	
Os contidos das prácticas estarán determinados polo acordo que se estableza entre empresa/institución e o alumno, coa supervisión dun titor do máster que velará porque os temas tratados durante a realización das prácticas se correspondan con algún dos temas tratados en calquera dos módulos do máster. Será responsabilidade do alumno/a poñer en coñecemento do seu titor/a calquera incidencia durante as prácticas (recepción tardía do material, tarefas distintas ás especificadas na ficha do destino, etc.).	(*)

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	0	2	2
Prácticum, Practicas externas e clínicas	0	120	120
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	28	28

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Nunha sesión informativa (2 horas) proporcionarase ao alumnado a información básica relativa ao desenvolvemento das prácticas en empresas/institucións: calendario, características e requisitos de cada práctica, etc.
Prácticum, Practicas externas e clínicas	PROCEDEMENTO DE ASIGNACIÓN: 1. Ofertadas as prazas para a realización das prácticas, os alumnos interesados remitirán ao coordinador/a de prácticas do Mestrado a súa solicitude segundo se reflicte no Anexo II. O/a coordinador/a realizará a selección dos candidatos en función dos seguintes criterios: - Características do perfil sinalado pola empresa/institución. - Cualificación media das materias dos módulos 1 a 3. 2. Naquelas prácticas que requiran proba de acceso, o/a coordinador/a de prácticas enviará os alumnos preseleccionados para que sexa finalmente a empresa/institución a que realice a selección definitiva. 3. Os alumnos tamén poden propor a empresa/institución onde realizar as prácticas, proposta que deberá ser aprobada polo/a coordinador/a. Neste caso, a asignación será directa ao alumno que presentou a proposta. Unha vez asignadas as prazas, os estudantes iniciarán o seu período de prácticas seguindo as indicacións da empresa ou institución de acollida baixo a supervisión do seu titor/a académico/a. SEGUIMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PRÁCTICAS: 1. Cada alumno terá dous titores: un profesor/a de o Mestrado e un titor/a da empresa/institución. 2. Terminado o período de actividade na empresa/institución, o titor/a da empresa/institución deberá remitir un certificado das actividades realizadas polo alumno, ademais da cualificación que lle outorga (que representará un 70% da nota final). 3. Ao finalizar as prácticas o alumno deberá remitir ao seu titor/a académico unha memoria onde se describan as actividades realizadas. O titor académico avaliará esta memoria, que significará un 30% da nota final das prácticas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Cada alumno contará cun titor de destino que organizará a práctica (textos, cronograma, prazos, instrucións, correccións...) e cun titor académico que lle axudará a xestionar a documentación e velará pola boa marcha da práctica.
Actividades introdutorias	A coordinadora da materia presentará a bolsa de prácticas para cada curso así como os procesos burocráticos da convocatoria. Dita presentación farase de forma presencial e tamén será gravada pola UVigo-TV para que quede a disposición do alumnado non presencial.
Probas	**Descrición**
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	O alumno ha de realizar ao finalizar o seu período de prácticas unha pequena memoria (entre tres e cinco páxinas) onde describa a empresa/institución de destino, as tarefas realizadas, competencias adquiridas e achegar ideas derivadas da práctica, se lle parece oportuno, para incluír/mellorar as guías docentes do resto de materias do máster. En faitic pode consultar un modelo de memoria de prácticas que contén os epígrafes principais. Deberá entregar a súa memoria ao titor académico, que a avaliará (30%), prestando especial atención á ortografía, redacción e estilo (poderanse descontar ata 2 untos por erro ortográfico). O 70% da nota corresponderá ao titor da empresa ou da institución, responsable de corrixir e enviar correccións/suxestións de mellora ao alumnado (avaliación formativa).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Prácticum, Practicas externas e clínicas	O titor da empresa/institución emitirá un informe das actividades realizadas polo alumnado, que deberá incluír unha cualificación numérica de 0 a 10 (70%)	70	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12	C17 C18 C19 C20 C28 C29 C30 C31 C32 C33 C34 C35 C36 C37 C38 C39 C40 C41 C42 C43 C44 C45 C46 C47 C48 C49 C50 C51 C52 C53 C54 C55 C56
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	A memoria realizada polo alumno ao finalizar as prácticas, onde se describirán as actividades realizadas na empresa, será avaliada polo docente do máster que lle foi asignado como titor. O titor encargarase de avaliar esta memoria, que significará un 30% da cualificación final das prácticas. Na memoria, que consiste nun informe dunhas 5 páxinas, debe figurar información relativa aos seguintes aspectos: a) Datos persoais do estudante. b) Entidade colaboradora onde realizou as prácticas e lugar de localización. c) Descrición concreta e detallada das tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos que estivo asignado. d) Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios. e) Relación dos problemas expostos e o procedemento seguido para a súa resolución. f) Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas. g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora. **POR CADA FALTA DE ORTOGRAFÍA NA MEMORIA DE PRÁCTICAS O TITOR/A ACADÉMICO/A PODERÁ DESCONTAR ATÉ 2 PUNTOS.	30	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12	C17 C18 C19 C20 C28 C29 C30 C31 C32 C33 C34 C35 C36 C37 C38 C39 C40 C41 C42 C43 C44 C45 C46 C47 C48 C49 C50 C51 C52 C53 C54 C55 C56

Outros comentarios sobre a Avaliación

MODALIDADES DE AVALIACIÓN

MODALIDADE A: é a modalidade descrita arriba

MODALIDAD B: Poden optar á modalidade B de avaliación aqueles estudantes que demostren adquirir experiencia como tradutores profesionais no ámbito da tradución multimedia. Os alumnos que cumpran os requisitos e así o desexen poderánsolicitar á Comisión Académica a avaliación das prácticasen empresas baseada na súa experiencia profesional. Para solicitar esta modalidade deberánpresentar os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude cuberto, segundo o modelo proposto pola coordinación dp máster e dispoñible en FAITIC.

- Copia do contrato coa empresa ouinstitución onde se realizou a actividade profesional que se desexa validar ou, en caso de desenvolver a actividade profesional como autónomo, copia da vida laboral na que debe figurar a Tradución e Interpretación como actividade laboral.

- Descrición das tarefas realizadas e informe de valoración da actividaderealizada asinado e co selo da empresa. De non presentarse este informe, acualificación da materia será de Aprobado (5.0).

CRITERIOS DE CÓMPUTO DE HORAS: Subtitulado : *1 hora de cinta*: 10-11 horas de traballo; Subtitulado para xordos: 1 hora de cinta: 6-7 horas de trabajo; Dobraxe: *1 hora de cinta*: 10-11 horas de traballo; Localización de videoxogos: tradución - 2000 palabras/xornada, revisión - 6000 palabras/xornada, testeo - 60 h.; Localización web/software: 2000 palabras/xornada; Voice-over: *reality/documental xeral:* 1/2 hora de material: 8 horas de traballo, *reality/doc complejo:* 1/2 hora de material: 16 horas de traballo. 60 horas de prácticas equivalen a 7-8 realities ou 4 documentais de 1/2 hora.

* O cómputo de horas pode sufrir algunha variación se as circunstancias así o aconsellan, sempre co visto e prace do titor/a académico/a.

No caso de que o alumnado non supere a materia, deberá realizar unha práctica institucional asignada polo coordinador/a do mestrado e supervisada por un dos docentes, que se encargará de avaliala.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Aspectos Interculturais da Tradución Multimedia/V01M079V01102
Recursos Documentais para a Tradución Multimedia/V01M079V01103

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola *COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dunha maneira mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes *DOCNET.

Dado o carácter semipresencial do Máster Universitario en Tradución Multimedia e que nel vén impartindo docencia online síncrona e asíncrona desde os seus comezos, non é necesario facer ningún cambio na guía docente. No caso de que non se poidan desenvolver con normalidade as sesións de docencia presencial previstas para a semana 08-12/03/2021, manteranse as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa excepción de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Faitic). Estas sesións presenciais, como sempre, gravaranse e poranse á disposición de todos aqueles alumnos que non poidan acceder a elas de maneira síncrona.